
PRODUTO · SUITE TIIVII

Multicámara

Deixa que cada espectador vexa o evento desde onde queira.

Varias cámaras sincronizadas, cambios instantáneos e sen latencia, en calquera dispositivo.



O RETO

Unha soa realización non pode contentar a toda a audiencia

Nun evento hai tantas historias como espectadores: o pai que busca a súa filla, o técnico que quere a panorámica táctica ou o afeccionado que quere seguir un xogador concreto.

01

A realización decide por todos

Un único plano en emisión deixa fóra todo o demais que está a ocorrer no recinto.

02

Eventos simultáneos invisibles

Cando se xogan varios partidos á vez, o espectador só pode seguir un.

03

Cambiar de fonte corta o directo


As solucións habituais obrigan a recargar o reprodutor e perden a sincronía.

QUE É

Un reprodutor que dá o mando ao espectador

tiivii Multicámara é un sistema de reprodución avanzada que permite elixir entre as distintas fontes de vídeo dun evento, con cambios fluídos e instantáneos e todas as cámaras perfectamente sincronizadas.

- Acceso ao sinal principal e a todas as cámaras presentes na emisión.
- Interface en mosaico con todas as fontes dispoñibles á vista.
- Adaptable a móbil, televisor conectado e ordenador.
- Integrable nunha app ou web existente, ou despregable como interface propia.



cinfo

COMO FUNCIONA

Sincronizar, publicar e deixar elixir

O sistema mantén todas as fontes aliñadas no tempo para que o cambio sexa inmediato e sen saltos.

01

Cáptanse as fontes

Cámaras do recinto, sinais doutros eventos ou webcams distribuídas por distintos puntos.

02

Sincronízanse na nube

Todas as fontes aliñanse temporalmente, aínda que usen protocolos distintos.

03

Publícase o mosaico

O reprodutor mostra o sinal principal e o resto de cámaras dispoñibles.

04

O espectador elixe

Cambia de cámara cando quere, sen cortes, sen recargas e sen perder o directo.

CARACTERÍSTICAS

Unha experiencia de vídeo que non cabe nun reprodutor normal

- **Cambios sen latencia**

  Paso instantáneo entre cámaras mantendo a sincronía e sen interromper a reprodución.

- **Mosaico configurable**

  Grella personalizable con posicións e tamaños determinados para cada fonte.

- **Eventos simultáneos**

  Todos os partidos dunha xornada accesibles desde unha única emisión.

- **Vista táctica**

  O corpo técnico pode intercambiar o sinal realizado pola panorámica completa do campo.

- **Webcams distribuídas**

  Cámaras en puntos de interese distintos dentro da mesma interface.

- **Multidispositivo**

  Móbil, tablet, ordenador e televisores conectados coa mesma experiencia.

- **Integrable por API**

  Incrústase en calquera OTT, app ou web, sexa de cinfo ou dun terceiro.

- **Alta resolución**

  Soporta fontes 4K e superiores mantendo o rendemento en dispositivos modestos.

BENEFICIOS

Máis tempo de visionado e máis razóns para volver

01

Experiencia diferencial

Algo que as grandes plataformas non ofrecen e que distingue o teu servizo.

02

Maior engagement

O espectador que interactúa co vídeo permanece máis tempo na emisión.

03

Aproveita as cámaras xa instaladas

As mesmas cámaras da produción automática alimentan a experiencia multicámara.

04

Utilidade profesional

Corpos técnicos e árbitros dispoñen de vistas específicas ademais da emisión.

INTEGRACIÓNS

Incrústase onde xa está a túa audiencia

Dispoñible en tiivii OTT, pero integrable con calquera plataforma do mercado.

tiivii OTT

Incluído de serie na plataforma, sen desenvolvemento adicional.

Webs e apps de terceiros

Intégrase na app ou na web que xa tes publicada.

Produción automática

As cámaras do recinto alimentan á vez a realización e o mosaico.

Fontes externas

Webcams, cámaras de tráfico ou de turismo integradas na mesma interface.

Canles lineais

Combinación de canle lineal e cámaras de apoio nunha soa pantalla.

APIs REST

Alta e baixa de fontes e control do mosaico desde os teus sistemas.

MODELO DE CONTRATACIÓN

Por evento, por recinto ou integrado na túa OTT

Evento especial

UN EVENTO CONCRETO

- Interface específica do evento
- Ata 6 fontes sincronizadas
- Mosaico configurable
- Publicación web
- Soporte durante o directo

Prezo por evento

Recinto

INSTALACIÓNS CON CÁMARAS TIIVII

- Multicámara sobre as cámaras instaladas
- Vista táctica para o corpo técnico
- Acceso desde web e móbil
- Gravación de todas as fontes

Cota anual por recinto

Integrado en OTT

PLATAFORMAS TIIVII OTT


- Incluído na plataforma
- Xornada completa nunha emisión
- Interface personalizada
- Analítica de uso

Incluído no plan OTT

Modelos orientativos. O prezo depende do número de fontes simultáneas, a resolución e o volume de tráfico.

GALERÍA


Multicámara en produción



Gala de premios con varias cámaras seleccionables.



Concerto en directo con mosaico de cámaras.



Webcams da televisión autonómica galega en g24.gal.

CASOS DE ÉXITO

Do deporte á ópera

ÓPERA DE MALMÖ

Seis cámaras e o espectador ao mando

A ópera de Malmö dispón de seis cámaras instaladas e o usuario final decide en cada momento cal quere ver desde un mosaico interactivo.

https://videos.tiivii.com/demos/malmo_test2024_4k/

TVG · G24.GAL

Webcams do tempo e eventos especiais

Interface de webcams para a web do tempo da televisión autonómica galega e unha interface específica para o eclipse de agosto de 2026 con canle lineal e cámaras repartidas.

https://www.g24.gal

TIIVII.TV

A última xornada, toda nunha emisión

Emisión simultánea de todos os partidos da última xornada da preferente galega, co espectador elixindo que campo seguir.

https://tiivii.tv

CINFO EN CIFRAS

Probado en directo

6+

cámaras simultáneas por evento

0

segundos de corte ao cambiar de cámara

4K

de resolución soportada por fonte

+2 M

visualizacións ao mes en redes sociais

PREGUNTAS FRECUENTES

Dúbidas sobre a experiencia multicámara

Nótase retardo ao cambiar de cámara?

Non. As fontes mantéñense sincronizadas na nube, así que o cambio é instantáneo e non interrompe a reprodución.

Teño que cambiar de plataforma?

Non. Está dispoñible de serie en tiivii OTT, pero intégrase igualmente na app ou na web que xa teñas publicada.

Cantas cámaras podo ofrecer?

Depende do recinto e do tráfico dispoñible. En instalacións habituais traballamos con entre catro e oito fontes simultáneas.

Serve para varios eventos á vez?

Si. É un dos seus usos máis habituais: toda unha xornada deportiva accesible desde unha única emisión.

Funciona en televisores conectados?

Si. O sistema adáptase a móbil, tablet, ordenador e televisores conectados, coa mesma lóxica de selección.

Serve para algo máis que para o espectador?

Tamén para o corpo técnico: a vista táctica permite cambiar o sinal realizado pola panorámica completa do campo en calquera momento.

PARA QUEN

Onde marca a diferenza

01

Competicións deportivas

Xornadas completas, vista táctica para adestradores e seguimento de xogadores concretos.

02

Cultura e espectáculos

Óperas, concertos e galas onde cada espectador elixe o seu punto de vista.

03

Televisións

Coberturas especiais con cámaras repartidas por distintos puntos de interese.

04

Turismo e territorio

Webcams de praias, montaña ou cidade publicadas nunha soa interface.

FALEMOS

Monta a túa experiencia multicámara

Dinos cantas cámaras tes e onde o queres publicar. Preparamos unha demo coas túas propias fontes.

Solicitar unha demo

Ver demos publicadas

CONTACTO

Correo

contact@cinfo.es

Teléfono / WhatsApp

+34 881 912 538

Web

https://contact.cinfo.es